

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO ESTREOU A SÚA VERSIÓN DA 'SALOMÉ' DE OSCAR WILDE

CARLOS SANTIAGO DIRIXE A MARÍA MERA, PEPE PENABADE, MARÍA SALGUEIRO, HUGO TORRES, MARCOS CORREA E ALBERTE CABARCÓS

A MONTAXE REALIZARÁ MÁIS DE 40 FUNCIÓNS EN 10 LOCALIDADES GALEGAS E TRES PORTUGUESAS

O Centro Dramático Galego (CDG) estreou o pasado 26 de novembro no Salón Teatro a súa nova produción, *Salomé*, de Óscar Wilde, baixo a dirección de Carlos Santiago. O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, e numerosos profesionais da escena e doutros ámbitos da cultura galega asistiron á función inaugural deste espectáculo, o primeiro producido con Blanca Cendán como directora da compañía pública.

SUMARIO

- [1-7] AGADIC
- [5] > Centro Coreográfico Galego
- [6] > Centro Dramático Galego
- [7] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [8] ALERTA!
- [9-10] E_SCENA EN CIFRAS

EN PORTADA

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO ESTREOU A SÚA VERSIÓN DA 'SALOMÉ' DE OSCAR WILDE

O espectáculo ofrece unha lectura máis satírica e política do episodio bíblico recreado por Oscar Wilde, mantendo o simbolismo e o ton poético orixinais.

.....
vén da páx. anterior

Salomé permanecerá en Compostela ata o domingo 19 de decembro con cinco funcións semanais. Os mércores e os xoves ás 11.00 horas desenvolveranse as funcións dirixidas a escolares –ás que asistirán máis de 1.200 alumnos de 21 centros de ensino de toda Galicia–, mentres que as representacións para público xeral terán lugar os venres e sábados ás 20.30 h e os domingos, día do espectador, ás 18.00 h.

15 personaxes

María Mera, Pepe Penabade, María Salgueiro, Hugo Torres, Marcos Correa e Alberte Cabarcos compoñen o elenco interpretativo de *Salomé*, seleccionado integramente mediante audición pública. Estes seis actores e actrices constitúen un reparto equilibrado e homoxéneo que dá vida os 15 personaxes da historia. No equipo artístico, Carlos Santiago tamén contou coas achegas de creadores e profesionais de recoñecido prestixio como Víctor Mosqueira na codirección, Fran Pérez (Narf) na banda sonora, Pancho Lapeña na es-



María Salgueiro e Pepe Penabade

cenografía, Baltasar Patiño no deseño de iluminación, Cloti Vaello no deseño de vestiario, Fausto Isorna no deseño gráfico, Uxía Vaello na coreografía e Fany Bell no deseño de maquillaxe.

A través dunha posta en escena arriscada, o espectáculo ofrece unha

lectura máis satírica e política do episodio bíblico recreado por Oscar Wilde, mantendo o simbolismo e o ton poético orixinais, pero eliminando os exotismos orientais e as interpretacións relixiosas. Nesta versión, a traxedia segue acontecendo en Galilea,

pero nun contexto contemporáneo e máis próximo ao espectador, aínda que de carácter fantástico. Á parte deste anacronismo premeditado, a adaptación ao galego de Pepe Sendón é fiel ao texto orixinal, de xeito que incide no retrato descarnado das paixóns humanas asinado polo autor dublinés, así como na súa crítica ao poder e ao puritanismo moral.

Acto único

A acción, que transcorre nun único acto, sitúase no país mítico de Galilea, onde o tetrarca Herodes Antipas celebra o seu aniversario cun banquete organizado na súa honra pola alta sociedade xudea. Nas traseiras do evento, o equipo de produción traballa baixo o luar incomodado pola voz iracunda de Iokanaan, profeta popular e mesiánico sometido a dura prisión no cortello dos porcos, onde o tetrarca adoita facer desaparecer os seus peores inimigos. Mesmo así, Iokanaan non se farta de denunciar a corrupción



De esquerda a dereita, distintas imaxes da noite de estrea de *Salomé*



Marcos Correa, Hugo Torres e Alberte Cabarcos

e inmoralidade que envolve o goberno de Herodes.

As palabras terribles do profeta chaman a atención de Salomé, fillastra de Herodes, moza de virxinal beleza por quen suspira toda a corte, incluído o seu padrao, que sente por ela unha paixón inconfesable e politicamente comprometida. Salomé, celosa da súa virxindade pero posuída por escuras paixóns, encapríchase de Iokanaan e desencadea unha sanguenta traxedia.

Ampla xira

Despois das funcións do Salón Teatro, o CDG iniciará unha extensa xira que levará este espectáculo a outros dez concellos galegos ata completar unha corentena de funcións no mes de marzo: Centro Cultural Caixa-nova de Vigo (8 de xaneiro), Teatro Lauro Olmo do Barco (14 de xaneiro), Auditorio Municipal de Vilagarcía (4 de febreiro), Auditorio Gustavo Freire de Lugo (10 de febreiro), Teatro

Municipal Área Panorámica de Tui (18 de febreiro), Teatro Principal de Pontevedra (22 e 23 de febreiro), Pazo da Cultura de Narón (25 e 26 de febreiro), Teatro Rosalía da Coruña (4 e 5 de marzo), Teatro Principal de Ourense (12 e 13 de marzo) e Teatro Jofre de Ferrol (17 e 18 de marzo).

Ademais, a obra viaxará a Portugal, en concreto ao Centro Cultural Vila Flor de Guimarães (22 de xaneiro), Teatro Acert de Tondela (26 de xaneiro) e Teatro-Circo de Braga (28 e 29 de xaneiro). Finalmente, o período de exhibición de *Salomé* rematará no Salón Teatro, onde do 23 ao 26 de marzo se desenvolverán outras catro novas funcións.

+info en

www.centrodramatico.org

SECTOR

O TAMAÑO DA INDUSTRIA CULTURAL GALEGA MEDRA UN 2,33 POR CENTO

O tecido industrial da cultura galega experimentou un incremento do 2,33% nos últimos dous anos, cun total de 6.931 empresas rexistradas a principios de 2010 en actividades que van desde a creación artística ata a comercialización de produtos culturais. Estes son algúns dos datos do informe *As cifras da industria cultural galega*, promovido pola Agadic co obxectivo de ofrecer unha análise cuantitativa dos principais indicadores económicos dun sector que factura 1.000 millóns de euros. Neste sentido, o estudo confirma o potencial da cultura como xeradora de riqueza e de emprego.

O incremento no tamaño da industria cultural galega, que contrasta coa tendencia negativa do conxunto do tecido industrial no período 2008-2010, extráese dos datos do Directorio Central de Empresas do Instituto Nacional de Estadística (INE), de acordo co que o peso relativo das empresas culturais sobre o total galego ascende a un 3,49 por cento en 2010 respecto ao 3,34 por cento rexistrado en 2008.

O grupo máis numeroso entre as máis de 6.900 empresas recollidas neste directorio correspon-

de ao “Comercio polo miúdo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados”, un dos 13 epígrafes identificados coa industria cultural no marco da Clasificación Nacional da Actividade Económica (CNAE). Nesta categoría sitúanse os negocios de venda de libros, discos, artigos culturais, xornais e outras publicacións, que representan o 30% do total, seguidos das empresas dedicadas a “actividades de creación, artísticas e espectáculos” e á publicidade, cun 19% e un 17% respectivamente.

Industria atomizada

Atopámonos, non obstante, ante unha industria moi atomizada, na que a gran maioría das empresas contabilizadas polo INE sitúanse en réxime de auto-emplego ou contan con menos de 10 traballadores. Segundo aclara o informe, esta circunstancia permite unha maior flexibilidade e adaptación ás variacións do mercado, dificultando en contrapartida o acceso a algunhas fontes de financiamento e a comercialización fóra de Galicia.

A través deste sistema obtivéronse datos detallados sobre o exercicio 2008 –último dispoñible para a súa consulta no momento da redacción do informe–, segundo o que o número de empresas culturais censadas en Galicia ascende a 2.153, das

que un 50,63% corresponde ao produto gráfico, un 22,99% ao audiovisual, un 18,95% á música e un 7,43% ás artes escénicas.

Un 17% máis de facturación

Esta distribución porcentual varía sensiblemente cando a análise se focaliza nas cifras de facturación, que sumaron máis de 1.096 millóns de euros en 2008 cunha media superior aos 698.000 euros por empresa e un crecemento do 17,36% desde 2006. Neste caso, o 67,05% do total foi facturado polo produto gráfico, o 22,70% polo audiovisual, o 8,78% pola música e o 1,47% polas artes escénicas.

En termos laborais, o emprego xerado pola industria cultural galega en 2008 equivale a preto de 11.000 postos de traballo a tempo completo, cun incremento do 2,67% respecto ao exercicio anterior. Porén, esta cifra elévase a 15.679 persoas se atendemos ao rexistro de afiliados á Seguridade Social en 2009, que contempla tanto os traballadores por conta propia como por conta allea. Neste último caso, o número de afiliados está cinco puntos por riba do conxunto da economía galega.

En canto aos dereitos de autor e centrándonos nos datos facilitados pola SGAE respecto a 2009, Galicia conta con 2.929 autores asociados –un 3% do total dos membros da sociedade

en España– e recada máis de 20 millóns de euros en dereitos, contía que supón o 6,8% dos ingresos globais desta entidade.

Comercio exterior

O comercio exterior preséntase como un punto débil da industria cultural galega, a teor dos datos de 2009 facilitados polo ICEX, que considera cinco sectores culturais (editorial, artes gráficas, música, obras de arte e audiovisual). Este conxunto de produtos representa só o 0,04% das exportacións galegas, porcentaxe que –segundo sinala o informe– está directamente relacionado coa reducida dimensión das empresas, circunstancia que lles resta capacidade para operar individualmente noutros mercados.

Máis da metade das vendas fóra de España corresponden a produtos editoriais, mentres que as artes gráficas e o audiovisual sitúanse no 22% do total. Portugal é, ademais, o principal importador de cultura galega (41%), moi por diante de Israel, Francia, Brasil e Australia que completan, por esta orde, os primeiros cinco destinos deste tipo de produtos.

+info en www.agadic.info

EDICIÓN

FINALIZA O PROGRAMA CREATIVA CO APOIO AO FEET 2010

O programa europeo CREATIVA para a difusión das industrias culturais do sur de Galicia e o norte de Portugal chega ao seu fin coa celebración na Casa das Campás de Pontevedra do Foro de Edición e Tipografía Feet 2010. Profesionais galegos e portugueses participan nas mesas redondas, conferencias, presentacións e obradoiros que se desenvolven do 2 ao 4 e do 16 ao 18 de decembro baixo a organización da Asociación Galega de Deseñadores (DAG) e co patrocinio da Agadic.

As diferentes estratexias e soportes empregados hoxe en día no ámbito da edición serán o eixo central do Feet 2010, que comezou o 2 de decembro co «Taller de edición e xestión de revistas de arte experimentais» a cargo de Pepe Murciego e Diego Ortiz, responsables da plataforma madrileña La Más Bella. Este primeiro obradoiro desenvólvese ata o sábado 4, mentres que entre os días 16 e 18 de decembro celebrárase un segundo taller sobre tipografía impartido polo deseñador catalán Andreu Balius, recoñecido como un dos referentes internacionais da creación tipográfica.

Acceso libre

Para o resto das actividades do Foro de Edición e Tipografía, a entrada é libre e gratuíta ata completar a capacidade. Así, a Casa das Campás acolle o sábado 4 a mesa redonda *A edición como campo aberto de expresión*, na que intervirán os creativos portugueses Isabel Carvalho e Pedro Nora –directores de



Braço de Ferro, editorial de referencia no ámbito da arte e o deseño no país veciño– xunto cos galegos Manuel Bragado, director de Edicións Xerais; Tati Mancebo, da empresa de xestión cultural Algueirada; Pepe Barro, responsable do estudio Grupo Revisión, e Ángel Cerviño, escritor e artista visual.

Ademais, o investigador e profesor de Deseño na Facultade de Belas Artes de Pontevedra Marcos Dopico impartirá o día 16 a conferencia *Aínda que chova... diseña. Deseño gráfico en Galicia na era global*, mentres que o día 17 o portugués Dino dos Santos ofrecerá un relatorio sobre o deseño de tipos para

xornais. Pola súa banda, Nuno Coelho presentará neste foro a súa obra *Uma terra sem gente para gente sem terra. Um livro de colorir sobre a Palestina*, realizada en colaboración con Adan Kershaw e a través da que ofrece un discurso visual arredor da tensión social que na vida cotiá dos cidadáns palestinos xera o conflito árabe-israelí. Esta cita terá lugar na tarde do venres 3 de decembro.

Exhibición de obras gráficas

Coincidindo coa celebración do Feet, a Casa das Campás tamén será a sede dunha exposición de obras gráficas que

poderá visitarse do 2 ao 16 de decembro. Nela exhibiranse as creacións dunha decena de editoras de diferentes países, como Shift! (Alemaña), Clase Turista (Arxentina), La Más Bella (España), as portuguesas Braço de Ferro e Oficina do Cego ou a galega Entrecruzar, entre outras. A DAG mantivo aberto ata o 28 de novembro o prazo de recepción de propostas para participar nesta exposición, dirixida a publicacións especiais no campo da arte, do deseño ou da tipografía, en calquera formato ou material.

+info en <http://feet.asociaciondag.org>

MÚSICA

A AGADIC COPATROCINA A 8ª EDICIÓN DO FESTIVAL 'CANTOS NA MARÉ'

A Agadic copatrocina a oitava edición do Festival Internacional da Lusofonía “Cantos na Maré”, que terá lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra o vindeiro 18 de decembro coa participación en concerto dos artistas Lenine (Brasil), Guadi Galego (Galicia), António Zambujo (Portugal) e Aline Frazao (Angola).

Baixo a dirección artística de Uxía Senlle e con dirección musical de Paulo Borges, o festival encara una nova convocatoria amosando a diversidade de estilos musicais das dúas beiras do Atlántico e coa participación da súa banda base, integrada por Paulo Borges (piano), Xacobe Martínez Antelo (contrabaixo), Quiné (batería e percusión), Rubén Santos (trombón) e Sérgio Tannus (guitarra e cavaquinho).

Uxía Senlle refírese á edición de 2010 como a que fundirá samba, fado, choro, alalá e baiao. “Tomaremos o pulso –di– das mellores creacións, as composicións máis inspiradas, e presentaremos voces moi experimentadas e outras máis frescas”.

O concerto, producido por Nordesía, será transmitido por Radio 3 de RNE (Radio Nacional de España). Ademais, como actividade complementaria ao mesmo, desenvolverase os días 17 e 18 un encontro profesional baixo o título “Outros mercados son posibles?”.

+info en www.cantosnamare.org

Érika Machado no Culturgal 2010



MÚSICA

OITO EMPRESAS GALEGAS PARTICIPAN EN MISIÓN COMERCIAL NA FEIRA DE MÚSICA DO BRASIL

A Agadic patrocina a participación dunha delegación integrada por oito produtoras e discográficas galegas na Feira Internacional de Música de Brasil (FMB), o encontro máis importante para a difusión musical de toda América Latina, que este ano se celebra na cidade de Belo Horizonte, capital do estado de Minas Gerais. A música galega estará presente neste certame mediante a misión comercial emprendida polos xerentes das empresas Ouvirmos, Esmerarte, A Central Folque, Berrogüetto Producións, Falcatruada, Keltia, Nalgures e Nordesía.

A representación empresarial galega, á que prestará respaldo institucional o director da Agadic, Juan Carlos F. Faseiro, conta tamén co apoio de Agaphono (Asociación Galega de Produtoras Fonográficas) e AGEM (Asociación Ga-

lega de Empresas Musicais). Estes dous principais colectivos profesionais do sector distribuirán no encontro material promocional e discos baixo a marca Galiciantunes, a enseña común utilizada por institucións públicas e empresas privadas galegas para a difusión no exterior da música producida actualmente en Galicia.

Desde Womex 2009

A participación na FMB é un paso máis no que se materializa a liña de colaboración institucional, artística e empresarial que, no ámbito da música, manteñen Galicia e Minas Gerais, cuarto estado en extensión de Brasil cunha poboación de máis de 21 millóns de habitantes. A relación que xa existía entre algunhas compañías e grupos galegos e mineiros deu un paso importante no pasado ano 2009 no Womex (World Music Expo) de Copenhague, durante o que se chegou a un acordo de cooperación para a promoción musical entre a Agadic e a

Secretaría de Estado de Cultura de Minas Gerais.

En virtude do devandito acordo, os cantantes brasileiros Kiko Klaus e Érika Machado actuaron o pasado 26 de novembro en Pontevedra, no marco do Culturgal, a feira das industrias culturais á que tamén viaxou unha representación comercial brasileira.

As prioridades desta primeira incursión conxunta da industria musical de Galicia na FMB é promover o traballo das distribuidoras galegas como ponte para os artistas e grupos brasileiros cara á súa introdución no mercado europeo, así como impulsar a proxección da música galega en Brasil e, por extensión, no resto de América do Sur.

A Feira Música Brasil

Esta será a terceira edición da Feira Música Brasil, unha cita itinerante promovida polo seu Ministerio de Cultura, que na súa anterior edición de 2009 congregou un total de 320 empresas brasileiras e internacionais arredor dos *stands*, mesas de debate, encontros de negocios e outras actividades comerciais e máis de 400.000 persoas nos concertos protagonizados polos artistas brasileiros que configuraron a cartelreira seleccionada pola organización.

Os organizadores da FMB 2010 defenden o encontro como o mellor instrumento para mostrar a riqueza musical do país, fomentar negocios e crear oportunidades para artistas, empresarios, produtores de eventos, entidades, selos de gravación e festivais, baixo a premisa de que coa adecuada estrutura e organización, o sector musical pode ser unha potencia económica.

+info en www.feiramusicabrasil.com.br

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

O CCG ORGANIZA CUN TALLER DE ACOMPAÑAMENTO MUSICAL CO PIANISTA ROBERTO BECEIRO

O programa formativo do Centro Coreográfico Galego (CCG) para 2010 chega ao seu fin este mes de decembro coa celebración dun taller de acompañamento musical impartido polo pianista Roberto Beceiro. Dirixido tanto a profesores de danza como a pianistas acompañantes, o obradoiro desenvolverase entre os días 13 e 17 na sede do CCG na Coruña.

O curso, de carácter eminentemente práctico, centrarase no repertorio para as clases de danza clásica, abordando os diferentes estilos de música posibles. Ademais, e a través de diferentes exercicios, buscarase a participación

activa de todo o alumnado. Os interesados teñen de prazo ata o vindeiro día 10 para formalizar a súa inscrición.

Roberto Beceiro é pianista do Centro Coreográfico Galego, onde ademais de acompañar os membros do corpo de baile durante os ensaios, participa en diferentes cursos organizados pola unidade de danza da Agadic e impartido por destacados profesionais, como Janusz Subicz ou Martín Padrón.

O CCG completa así o seu plan de formación anual, no marco do que organizou un ciclo de sete *master class* de danza clásica e contemporánea cos mestres Hervé Ilari, Cristina Ruiz Pérez, Raúl Moreno, Luciano Gómez, Bárbara Monteagudo, Armando Martín e os integrantes da *Merce Cunningham Dance Company*. *Xa na segunda metade do ano*, Ana Abad Carlès e Calixto Albán Laxe impartiron outros dous obradoiros dirixidos a profesionais e estudantes de nivel medio-alto, ao tempo que as profesoras do Centro Coreográfico Beatriz Ponlla e Belén Vázquez se encargaban das clases abertas de danza clásica arredor do espectáculo *Etheria*. *A viaxe soñada*.

+ info en www.centrocoreografico.org



Audición no CCG

**O SALÓN TEATRO
PECHA 2010 COA
MOSTRA DE TEATRO
INFANTIL DE NADAL**

O Salón Teatro de Santiago despidese o ano 2010 cunha nova edición da tradicional Mostra de Teatro Infantil de Nadal, na que cinco compañías (Limiar Teatro, Berrobambán, Tanxarina Títeres, Títeres Tropicalllo e Panamesiana Teatro) ofrecerán os seus últimos espectáculos para conformar unha programación especialmente dirixida ao público infantil e familiar.

O ciclo dará comezo o domingo 26 coa coprodución do CDG con Limiar Teatro e Mao Teatro *Os 4 da Xunqueira*. Trátase dunha proposta cómica dirixida a todos os públicos, baseada na historia da tradición oral *Os catro amigos*, presente tanto na cultura portuguesa como na universal. O espectáculo combina música en directo, danza, teatro e malabares para narrar a historia de Can, Boi, Gata e Galo, catro músicos que foxen da cidade buscando no mundo rural un lugar para vivir e ensaiar.

Berrobambán porá en escena o luns 27 a montaxe *Bicharada*, coa que regresa ao terreo mudo, o da linguaxe visual e o humor sen palabras. A obra conta a



Panamesiana Teatro

historia de dúas veciñas –unha araña e unha formiga– que aínda que teñen costumes ben distintas se levan ben. A primeira almacena provisións no seu formigueiro e a segunda tece a súa tea para cazar presas. Pero algo cambia cando chega un novo veciño, un escaravello, cuxa integración vai ser máis complicada do que podería parecer.

Monicreques

O martes 28 os monicreques chegarán á Mostra da man da compañía Tanxarina Títeres con *Trogloditas*, un espectáculo ambientado na prehistoria onde tres homes das cavernas convidan aos asistentes a coñeceren o seu particular xeito de vida. A través da linguaxe corporal e sons primitivos, os actores interactúan cos espectadores, nun contexto dinámico e xerando situacións cómicas.



Berrobambán Teatro

Tropicalllo Teatro presentará o mércores 29 *O día que chegou un nube e choveu*, a última produción da compañía, unha das máis consolidadas no panorama dos títeres en Galicia. Esta montaxe de monicreques de xénero eminentemente cómico e para nenos e nenas con idades comprendidas entre 1 e 5 anos, achega os máis pequenos á natureza e á importancia da auga nas nosas vidas.

Nova compañía

A nova compañía Panamesiana Teatro será a encargada de pechar a Mostra de Teatro Infantil de Nadal o xoves 30 con *Oh, que bonito é Panamá!*, obra resultante da adaptación ao galego do conto do ilustrador e narrador alemán Janosch, unha peza teatral popularizada na maior parte de Europa pero practicamente descoñecida en Galicia e en España. O texto conta a viaxe que Oso Pequeno e Tigre Pequeno emprenden ata Panamá seducidos polo aroma a plátanos dunha caixa que leva inscrito o nome dese país. Polo camiño atópanse cun León de peregrinación a Compostela, con que fan amizade e intercambian experiencias. A inocencia, a amizade, o respecto á natureza e a felicidade das cousas pequenas son os protagonistas absolutos deste xogo de teatro, monicreques, música e clown.

Todas as funcións terán lugar ás 19.00 horas, agás no caso da montaxe *O día que chegou un nube e choveu*, do que se ofrecerán dous pases ás 17.00 e ás 19.00 h. As entradas para asistir aos diferentes espectáculos poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro, que permanecerá aberto todos os días de función dende dúas horas antes do comezo de cada actuación. O prezo das localidades é de 6 euros e tamén está dispoñible un bono de seis entradas a un prezo de 30 euros.

+ info en

www.centrodramatico.org

**CDG E RADIO GALEGA
CONVOCAN O V PREMIO
"DIARIO CULTURAL" DE
TEATRO RADIOFÓNICO**

O Centro Dramático Galego e a Radio Galega veñen de convocar o V Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, patrocinado pola Agadic e dotado economicamente con 6.000 euros repartidos en dúas categorías. O prazo para a presentación de orixinais permanece aberto durante todo o mes de decembro.

Este premio pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre autores/as para o medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega, promover o encontro entre audiencia e o teatro e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea.

O xurado, integrado por profesionais do mundo da escena e da radio, seleccionará entre os orixinais presentados as obras finalistas, que serán dramatizadas para a súa emisión por un equipo de actores e actrices coordinados polo CDG. As dramatizacións emitiránse ao longo de marzo de 2011, mes do teatro, nos distintos programa da Radio Galega. Das emitidas, o xurado

escollerá a peza premiada e a audiencia votará a que recibirá o premio do público. Cada un dos premios está dotado con 3.000 euros.

Palmarés

David Rodríguez foi o gañador da primeira edición con *O Bambam*. A obra, que fora interpretada por Luís Tosar e Luís Zahera con dirección de Lino Braxe, recibiu tamén o premio da audiencia. Na segunda edición premiáronse as obras *O mal da vaca*, de Begoña García, polo xurado e *Saltimbanqui*, de Lois Pérez, pola audiencia. Quico Cadaval dirixiu nese ano as adaptacións radiofónicas interpretadas por Manuel Lourenzo, Susana Dans, Belén Constenla, Rebeca Montero, Marcos Orsi, Xan Cejudo, Xosé Manuel Olveira "Pico" e Fernando Pedrido. Rubén Ruibal e César Candelas, autores de Peter Buckley, gañaron os premios do xurado e da audiencia na terceira edición, para a que Candido Pazó dirixiu a interpretación de Santiago Cortegoso, Xosé Manuel Olveira "Pico", Pepo Suevos, Miguel Varela e Marcos Correa. A obra *Indoor*, de Vanesa Sotelo, recibiu o premio do xurado na pasada edición de 2009 e *O vento da illa* de Begoña García o da audiencia. Ánxeles Cuña dirixiu as adaptacións radiofónicas interpretadas por Sabela Gago, Fernando Dacosta, Elena Seijo, Nate Borrajo, Tito Asorey, Fina Calleja e Josito Porto.

+ info en www.crtvg.es

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]



Eric Hoerich

A EAEM OFRECE DOUS NOVOS CURSOS DE PIANO E MÚSICA DE CÁMARA E CLARINETE

Dentro da súa Sección de Formación Permanente, a Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) organiza dous novos cursos que darán comezo en 2011: un de piano e música de cámara, a cargo dos mestres Alexander Gold e Ilona Timchenko, que se desenvolverá do 15 de xaneiro ao 15 de maio; e outro de clarinete, impartido por Eric Hoerich, que se celebrará do 25 ao 28 de xaneiro. As dúas citas terán lugar na sede da EAEM en Santiago de Compostela

Co subtítulo "A Escola Rusa. Homenaxe a F. Liszt», o curso de piano realízase a xeito de homenaxe no bicentenario do compositor húngaro. Poderán ser ata 15 os alumnos participantes, e

serán eles mesmo os que escollan tanto o repertorio como a periodicidade das clases. O prazo de inscrición de interesados remata o 13 de decembro.

Pola súa banda, o profesor Eric Hoerich impartirá do 25 ao 28 de xaneiro de 2011 un curso de clarinete na Escola de Altos Estudos Musicais. Neste caso serán unicamente catro os alumnos activos (estudantes de grao medio e superior) os que poderán asistir, que teñen tamén ata o 13 de decembro para matricularse.

Hoerich, clarinetista nado en Baltimore, leva 25 anos dedicado ás versións históricas do seu instrumento. A súa enorme experiencia como intérprete, musicólogo e construtor permíttelle achegarse ao repertorio dos séculos XVIII e XIX cunha autoridade única no mundo.

+ info en www.eaem.es



DESPÍDESE e_scena

Co actual número de decembro de 2010 de e_scena, o boletín electrónico de novas da Agadic deixará de ser publicado para dar paso a un diferente proxecto informativo asociado aos novos soportes web que entrarán en funcionamento en 2011. Desde a súa primeira emisión en abril de 2006, foron 51 os exemplares distribuídos, dos que recordamos algunhas das súas portadas.

CONVOCATORIAS,
 PRAZOS, PREMIOS
 E CERTAMES
[ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Inscripción na Rede Galega de Música ao Vivo	A inscrición de grupos musicais e compañías escénicas de carácter profesional cara á configuración da programación de 2011 da RGMV realízase a través da web www.galescena.info .	Grupos musicais e formacións escénicas de carácter profesional. Máis información: www.galescena.info	23 de decembro
Master class de música tradicional con Kepa Junquera e Antonio Placer	A Agadic organiza dúas <i>master class</i> de música tradicional impartidas por Kepa Junquera (trikitixa e outros instrumentos tradicionais vascos, do 16 ao 18 de decembro) e Antonio Placer (creación vocal e improvisación, nas mesmas datas). As sesións celebraranse na Fundación Illa de San Simón (ensenada de San Simón, ría de Vigo).	Cada un dos cursos prácticos oferta 15 prazas. Matrícula: 50 €. Información e inscricións: http://www.masterclassdemusicatradicional.info/	Ata completar as prazas dispoñibles
Centro Coreográfico Galego. Taller de acompañamento musical	A cargo de Roberto Beceiro Vilar, as clases desenvolveranse do 13 ao 17 de decembro na sede do CCG. Nelas ofrecerase un achegamento teórico e práctico ao repertorio para clases de danza clásica, abordando os diferentes estilos de música posibles.	20 prazas para profesores/as de danza e pianistas acompañantes. Máis información sobre a inscrición e matrícula: www.centrocoreografico.org	10 de decembro
Centro Coreográfico Galego. Clases abertas de danza clásica xunto a "Etheria"	As profesoras do CCG Beatriz Ponlla e Belén Vázquez imparten estas clases abertas de luns a venres de 9.30 a 11.00 horas, incluídas aquelas xornadas nas que a compañía de "Etheria. A viaxe soñada" está de xira. Porén, non haberá clases durante a celebración dos talleres formativos impartidos polo Centro Coreográfico entre setembro e decembro.	Alumnos de nivel medio-alto, compartindo o espazo da aula de ensaios (Complejo Deportivo de Elviña. Avda. Glasgow s/n, A Coruña) co elenco do espectáculo "Etheria. A viaxe soñada". A entrada é libre ata completar a capacidade. Máis información: Centro Coreográfico Galego Tel.: 981 134 946 formacion.ccg@xunta.es / actividades.ccg@xunta.es	Aberta a inscrición
EAEM. Curso de piano e música de cámara "A escola rusa"	Os pianistas rusos Alexander Gold Makarov e Ilona Timchenko impartirán este curso, homenaxe a F. Liszt no bicentenario do compositor húngaro. O encontro desenvolverase do 17 de xaneiro ao 20 de maio de 2011 na sede da EAEM.	Máximo de 15 alumnos, que poderán escoller unha das especialidades –interpretación ou música de cámara– a tempo completo ou combinar as dúas modalidades ata completar as 16 horas de duración do encontro. Máis información e inscrición: www.eaem.es	13 de decembro
EAEM. Curso de Clarinete	A sección de Formación Permanente da EAEM organiza este curso, a cargo do clarinetista estadounidense Eric Hoerich, que se desenvolverá do 25 ao 28 de 2011.	Número máximo de alumnos activos (grao medio e superior): 4. Como oíntes, admitiranse estudantes de todos os niveis. Máis información e inscrición: www.eaem.es	Antes do 14 de decembro

Outras convocatorias de interese:

- Deputación da Coruña: www.dicoruna.es/cultura/premios/
- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdegalicia.org
- Academia Galega do Audiovisual: www.academiagalegadoaudiovisual.com
- Cluster Audiovisual Galego: www.clusteraudiovisualgalego.com
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html
- Redescena: www.redescena.net
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

REXISTRO DE DATOS XULLO 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
Santiago	As actas escuras	17	152,53	648,00 €
Narón	As actas escuras	2	129,00	766,40 €
O Barco de Valdeorras	As actas escuras	1	129,00	584,00 €
Tui	As actas escuras	1	280,00	1.521,00 €
Vigo	As actas escuras	1	347,00	1.442,80 €
A Coruña	As actas escuras	2	203,00	1.432,20 €
Ourense	As actas escuras	2	123,00	1.059,60 €
Ferrol	As actas escuras	1	78,00	590,00 €

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Producións con distribución en curso

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
A Coruña	Etheria. A viaxe soñada	2	228,50	1.044,30 €
Cangas	Etheria. A viaxe soñada	1	1200,00	[entrada libre]
Santiago	Etheria. A viaxe soñada	2	73,5	320,00 €

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	As actas escuras	17	152,53	648,00 €
Teatro do Morcego	Saltimbanquis	4	68,50	276,25 €
Teatre Lliure	Après moi, le déluge	2	155,50	889,50 €
Rosalía 21	Homenaxe a Rosalía	1	230,00	[por convite]
Teatro do Atlántico	O xogo de Yalta. Afterplay 4		80,25	514,00 €
Mono	Festival Sinsal	1	269,00	2.024,00 €
Sala Muntaner	Genet-Las Criadas	2	112,50	715,50 €
Linho do Cuco	ST Música Presente	1	88,00	300,00 €
Anxo Lorenzo	ST Música Presente	1	56,00	135,00 €
Emilio Cao	ST Música Presente	1	25,00	55,00 €
Casa de Fados	Casa de Fados em concerto	1	263,00	2.078,00 €
Voadora	Super8	3	130,33	220,67 €
Álvaro Vieito	ST Música Presente	1	31,00	80,00 €
Familie Flöz	Hotel Paradiso	2	208,50	1.596,00 €
Ophiusa	ST Música Presente	1	56,00	120,00 €
Zenet	Concerto	1	159,00	2.208,00 €
Juana Molina	Festival Sinsal	1	84,00	604,00 €
BellónMaceiras Quinteto	ST Música Presente	1	150,00	615,00 €
Eme2	Sexo, por que non?	2	199,50	1.185,00 €
Vashti Bunyan	Festival Sinsal	1	66,00	560,00 €
Kamikaze Producciones	La función por hacer	2	57,50	326,50 €
Kproducciones	La charca inútil	2	104,50	702,50 €
Companhia Leões de Circo	A descoberta das Américas	1		28,00 €
Sapristi Teatro	Por que o meniño se coce na polenta?	3	108,33	164,00 €
Ciré Beyè + Auguste Ouedraogo	África Vive	1	117,00	634,00 €
O Retrete de Dorian Gray	Rúa Aire	1	74,00	244,00 €
Doble Mandoble	Mi otro yo	2	40,50	122,50 €
Circo Europa	I Circo Europa Party	1	182,00	938,00 €
CCG	Etheria. A viaxe soñada	2	73,50	320,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
O regreso ao deserto (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
Tarára Chis Pum (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
A Piragua (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
Vacuo (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
Noite de Reis (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
Noite de Reis (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
Valdemuller (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
Estigma (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
Kiosco das almas perdidas (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	105	14.423	53,73%	70.929,00 €
Noite de Reis (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
A boa persoa de Sezuán (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
As Dunas (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
Giselina (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

TOTAL ACUMULADOS 2010

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	63	7.686	48,30%	37.803,00 €
As actas escuras (CDG)	27	4.337	39,88%	21.670,20 €
Etheria. A viaxe soñada	5	1.804	[pendente]	2.728,60 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
Abada Teatro	13	248,92	1.130,65 €
Abrapalabra Creacións Escénicas	11	120,55	378,82 €
Almacabra-teatro-circo	3	94,00	376,67 €
Ancora Produccións	14	71,21	232,07 €
Ángels Margarit/Cía. Mudances	1	109,00	275,00 €
Aracaldanza	4	237,50	630,75 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	38,33	74,17 €
Berrobambán	8	207,00	455,50 €
Bstudiodanza	1	144,00	944,00 €
Cachirulo	4	65,75	201,75 €
Camerata Lírica de España	1	98,00	245,00 €
Caramuxo Teatro	19	264,95	483,51 €
Chévere	4	84,50	315,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	396,00	2.242,00 €
Dani García	3	135,33	269,00 €
Dloira	2	108,00	633,00 €
Elefante Elegante Teatro	10	112,00	361,10 €
Espello Cóncavo	5	102,6	291,80 €
Excéntrica Producciones	1	81,00	207,00 €
Fulano, Mengano e Citano	6	190,33	840,76 €
Galitooon	20	202,10	365,10 €
Ghazafelthos	7	111,00	242,71 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	134,00	335,00 €
Javier Martín	1	55,00	263,00 €
Katarsis, Educacion e Teatro	9	86,44	167,89 €

Kiko Pastur (ilusionista)	2	168,50	371,50 €
La Carreta Teatro	3	238,33	706,00 €
Lagarta Lagarta	11	209,45	886,68 €
Lambriaca Teatro	9	44,67	78,06 €
Los Ulen	4	93,75	678,75 €
Mago Marttyn	2	190,50	466,00 €
Mago Rafa	3	192,33	406,67 €
Malasombra	5	92,60	284,40 €
Matarile Teatro	4	112,50	677,50 €
Miroscopio Perdicións	4	70,25	91,75 €
O Retrete de Dorian Gray	7	87,86	166,86 €
Ónfalo Teatro	4	251,25	1.372,85 €
Pinga Teatro	3	69,00	121,83 €
Pisando Ovos	3	46,33	150,00 €
Produccións Acontrabuta	7	131,14	350,86 €
Produccións Teatrais Excéntricas	14	337,50	1.645,76 €
Quinteto de Metais Omega Brass Ensemble	1	128,00	305,00 €
Quique Peon, Cía.	4	182,00	623,88 €
Redrum Teatro	4	279,50	152,00 €
Róber Bodegas	8	432,13	1.791,81 €
Sarabela Teatro	19	255,16	1.418,11 €
Solpico Cía. de Danza	2	100,50	586,50 €
Talia Teatro	31	100,90	332,39 €
Talytakumy	4	93,50	119,13 €
Tanxarina Titeres	4	251,50	563,06 €
Teatro de Ningures	11	108,64	438,12 €
Teatro do Andamio	10	146,80	317,30 €
Teatro do Atlántico	5	210,00	1.630,20 €
Teatro do Morcego	16	189,44	568,00 €
Teatro Galileo	6	127,83	540,92 €
Titeres Trompicallo	8	106,13	228,75 €
Tizina Theatre h	5	89,00	450,32 €
Uxia P. Vaello	2	33,00	70,50 €
Viravolta Titeres	12	137,42	230,38 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/ FUNCIÓN	FACT/ FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	38	212,71	1.026,45 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	4	588	2.417,00 €
A Estrada	6	30,83	154,17 €
A Rúa	5	85,6	235,20 €
Ames	12	97,25	241,75 €
Arteixo	7	158,71	364,64 €
As Pontes de García Rodríguez	6	135,33	269,92 €
Betanzos	4	83,25	222,13 €
Boiro	7	120,86	166,86 €
Burela	8	224,88	737,75 €
Cambados	4	172,25	211,50 €
Cangas de Morrazo	12	209,92	763,92 €
Carballo	16	160,56	421,34 €
Cedeira	8	99,13	220,63 €
Cee	10	71,7	121,25 €
Culleredo	7	113,43	290,79 €
Ferrol	21	80,33	399,95 €
Foz	11	136,36	272,95 €
Gondomar	6	93,83	288,75 €
Lalín	4	140,75	380,25 €
Lugo	4	197,5	1.177,25 €
Monforte de Lemos	4	123,5	297,50 €
Muros	9	90,89	215,00 €
Narón	19	242,95	1.268,87 €
Noia	5	144,2	346,60 €
O Barco de Valdeorras	7	93,71	358,00 €
O Carballiño	6	58,83	158,58 €
Oleiros	5	173	623,10 €
Ortigueira	4	85,75	387,50 €
Ourense. Teatro Principal	8	148,5	1.249,00 €
Ourense. Auditorio Municipal	18	161,67	244,22 €
Pontevedra	24	262,75	449,34 €
Redondela	8	234,5	557,75 €

[continúa]

REXISTRO DE DATOS XULLO 2010 [E_SCENA EN CIFRAS]

CONCELLOS/ENTIDADES (continuación)

CONCELLO/ ENTIDADE	Nº FUNCIONES	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Ribadavia	4	98,75	234,88 €
Ribadeo	8	137,38	329,00 €
Sada	8	159,38	480,13 €
San Sadurniño	6	61,83	130,50 €
Santiago de Compostela	15	143,07	821,20 €
Sanxenxo	5	85	290,50 €
Tui	6	235,67	685,67 €
Vigo. C.C. Caixanova	5	418,8	2.864,94 €
Vilagarcía de Arousa	7	237,29	252,14 €
Viveiro	8	160,5	284,88 €

TOTAIS RGTA (ATÉ XULLO)

	Funcions	Público	Ocupación	Facturado
2006	287	46.849	40,19%	132.931,70 €
2007	365	42.647	29,17%	127.583,31 €
2008	432	58.279	37,04%	175.122,74 €
2009	392	54.901	36,32%	172.112,00 €
2010	389	63.610	40,86%	218.110,00 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONES	ESPECT/ FUNCION	FACT/ FUNCION
Arteria Noroeste (Santiago)	14	88,14	297,86 €
Sala Nasa (Santiago)	32	39,22	173,00 €
Sala Santart (Santiago)	31	26,97	120,55 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	36	15,44	132,72 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	39	43,33	182,74 €
Teatro Ensalle (Vigo)	24	25,46	168,81 €

TOTAIS RGS (ATÉ XULLO)

	Funcions	Público	Ocupación	Facturado
2007	98	3.183	34,53%	16.475,00 €
2008	88	2.381	37,42%	12.199,00 €
2009	144	4.503	41,55%	19.036,00 €
2010	176	6.182	59,29%	29.400,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
12 Labirinto	2	88	246,00 €
3azoteas	2	46,5	179,00 €
7 Puertas	6	66,5	179,33 €
A Tuna Rastafari	3	45,67	142,00 €
Abril Fado Atlántico	4	43,25	189,25 €
Aid	5	27,8	101,60 €
Alberto Pérez	3	38	131,00 €
Alejandra Burgos	4	62	180,75 €
Aló Django	5	55,4	193,00 €
Animales Domesticos	3	29	47,00 €
Austria	4	53	328,00 €
Bakin/blues Band	3	46	133,00 €
Baldosa Amarilla	2	28,5	104,50 €
Balea's Blues Quintet	4	44,5	177,75 €
Bastards On Parade	6	42,33	112,50 €
Belöþ	9	44,56	118,44 €

Bruno T. Ford	6	42,67	102,33 €
Capitán Furilo	4	53,5	139,50 €
Caraba	2	47,5	115,50 €
Cats And Monkeys	3	39	124,33 €
Coanhadeira	4	49,25	135,00 €
Coll y Costa (de Los Reyes del Ko)	11	59,18	227,82 €
Combo Dinamo	1	50	114,00 €
Cool Beat	2	51,5	264,50 €
Cró!	3	44,67	182,67 €
Dakidarría	3	144,67	543,00 €
Doc Magoo's	2	60	159,00 €
Doctor Gringo	5	60,8	221,80 €
Doctor Snob	3	45,33	126,00 €
Dúo Fdz. & Quintá	2	35	105,00 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	37,43	143,43 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	1	23	60,00 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	2	44	85,00 €
Holywater	3	80,33	297,67 €
Igloo	9	91,11	300,00 €
Ith	2	73,5	205,50 €
Jazzeros Inoxidables	2	32,5	109,00 €
Jerez-texas	4	46,5	179,25 €
José Córdoba	3	45,33	126,00 €
Jugoplastika	4	46,5	191,75 €
Les Trois de Cora	9	33,22	104,56 €
Litanei	3	22	83,67 €
Los Eternos	6	67,83	208,50 €
Los Mecánicos	5	66,2	175,00 €
Machina	2	115,5	319,50 €
Martinez	5	62,4	267,80 €
Maryland	4	59	225,00 €
Mbm	4	50	219,50 €
Mcmanus	5	36,6	101,80 €
Miguel Costas	6	72,17	290,67 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	52,4	142,20 €
Miñor Swing	3	36	129,33 €
Misquitos	2	59,5	160,50 €
Mitocondrias	2	40	105,00 €
Monkillos	4	33	94,50 €
Moon Cresta	5	36,6	105,40 €
Moonjackets	6	35,67	89,00 €
Nadadora	6	87,83	337,67 €
Nouvelle Cuisine	2	55	193,00 €
O Sonoro Maxin	3	87,33	248,33 €
Oh Trio	5	40,2	136,80 €
Pacífico	6	50	176,33 €
Por Placer	2	54	178,50 €
Portrait	3	82	386,33 €
Recambios Tucho	5	72,6	211,80 €
Rockers Go To Hell	3	56,33	157,00 €
Sergio Makaroff	2	58	282,00 €
Som do Galpom	4	60	172,75 €
Stereotipos	5	34,6	112,20 €
Sugar Mountain	1	48	160,00 €
Supersándwich	1	35	140,00 €
Telma y Los Luises	3	28,33	76,33 €
The Cherry Boppers	3	61,67	362,00 €
The Homens	4	40,75	148,00 €
The Last Minute Experience	3	28,67	108,00 €
The Soul Jacket	3	85,67	348,67 €
The Turre's Band	2	45,5	113,50 €
The W.C. García Show	6	20,83	52,33 €
Tiempocuatro	3	59,67	224,33 €
Why Go	3	98,33	336,67 €
Xan Campos Trío	3	36,33	137,33 €
Zénzar	3	109	291,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	7	36,14	86,57 €
A Regueifa (Ponteareas)	3	40,33	111,00 €
Ache (Marín)	4	25,75	131,75 €
Aturuxo (Bueu)	9	48,67	249,11 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	11	45,09	116,36 €
Bábá Bar (A Coruña)	7	45,29	204,00 €
Badulake (Ordes)	7	41,86	136,14 €
Bar Liceum (O Porriño)	8	48,63	141,25 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	10	58,1	174,30 €
Borriquita de Belém (Santiago)	8	47,38	128,63 €
Café-cultural Roi Xordo (Allariz)	4	51	153,00 €
Casa das Crechas (Santiago)	8	62,38	179,63 €
Catro Camiños (A Rúa)	3	43,33	73,33 €
Clandestino (Nigrán)	8	38,38	133,25 €
Clavicémbalo (Lugo)	10	40,3	142,30 €
Contrabajo (Vigo)	18	31,22	128,33 €
Disco-club Capital (Ourense)	3	93,33	280,00 €
Doble Moral (Lugo)	6	9	71,33 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	3	96,67	254,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	7	94,57	226,71 €
Garufa (A Coruña)	13	56,54	169,54 €
Jazz Filloa (A Coruña)	5	41,6	208,00 €
La Casa de Arriba (Vigo)	8	51,88	248,38 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	10	67,8	219,40 €
La Galeríajazz (Vigo)	6	18,67	79,33 €
La Iguala Club (Vigo)	15	76,47	337,53 €
Marrucho (Baiona)	8	40	111,63 €
Náutico (O Grove)	2	68	192,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	8	62,88	178,00 €
Planeta (Sarria)	6	63,33	150,00 €
Pub o Muño (Cervo)	4	24,25	72,50 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	8	78,63	207,00 €
Pub Gatos (Melide)	12	65,25	166,33 €
Sala 600 (Melide)	6	54	269,67 €
Sala Karma (Pontevedra)	7	97,29	482,29 €
Sala Run Rum (Ferrol)	14	62,79	213,43 €
Sala Super 8 (Ferrol)	2	29,5	88,50 €
Salason (Cangas de Morrazo)	11	43,73	154,55 €
Sama Sama (Vilagarcía de Arousa)	7	99,14	307,00 €
Ultramarinos (Santiago)	7	37,57	104,43 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra)	4	59,75	179,25 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	6	31,67	85,00 €

TOTAIS RGMV (ATÉ XULLO)*

	Concerto	Público	Ocupación	Facturado
2007	550	26.454	25,91%	65.268,00 €
2008	425	21.243	36,65%	63.446,00 €
2009	445	22.973	41,39%	75.395,00 €
2010	313	16.714	43,39%	56.429,00 €

*2010 é primeiro ano con programación estival da RGMV